



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, María Consuelo
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Fálagan Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Mollinedo Lois, Carlos
CONSELLO SOCIAL
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

González de Prado, Begoña
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
García González, Silvia
Gómez Fariñas, Beatriz
González López, Raquel
Siota Álvarez, Mónica

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de maio de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **22 de maio de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2019.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa de diversos asuntos, resaltando os seguintes:

- Asuntos tratados na CRUE: elección dun novo presidente (U. de Córdoba). Seguen a traballar no mesmo punto onde o deixaron: profesorado, EPIF e internacionalización, así como a mellora do Decreto sobre titulacións. Haberá unha figura de profesor non doutor para áreas de especial dificultade. Despois habería unha figura de axudante doutor de 3 + 3 anos. Para estas figuras non se necesitaría a acreditación. Créase a figura de profesor substituto. Non houbo novidades na comisión de internacionalización. A comisión académica traballa na liña dos títulos duais, na docencia a distancia, na flexibilidade dos currículos do alumnado e nos sistemas integrados de grado + máster. Falouse asemade do control horario, que non afecta a funcionarios, como moito ao persoal laboral. O Decreto garante dereitos dos traballadores en relación coas horas extras. A única Universidade que o implantou foi a USC, para o PAS (e para o profesorado, en relación coa sinatura nas aulas). A comisión de xerencia traballará sobre este asunto. Chegouse a un acordo con CEDRO sobre o pago de dereitos de autor polo uso dos materiais nas plataformas de teledocencia

- Informa da presentación dun recurso contra o RD da EPIF, tamén presentado polas universidades catalás.

- O día 25 remata o contrato co actual delegado de protección de datos, que será substituído pola profesora Ana Garriga Domínguez, experta no tema. A meirande parte das Universidades apostan por delegados/as internos. O Sr. reitor expón as funcións básicas desta nova figura.

- En canto ao grao de deseño e creación informa do seu rexeitamento pola xunta da Facultade de Belas Artes. Estase a facer o estudo sobre como implantar esta titulación no marco do Campus Crea de

Pontevedra. Buscarase un Decano/a comisario/a probablemente para impulsar este título, sexa ou non na Facultade de Belas Artes.

- Informa sobre a prórroga necesaria para culminar o edificio do Berbés, que foi aprobada polo Consorcio Casco Vello, ata o 27 de maio de 2020, acordando que a modificación sexa inscrita no rexistro da propiedade.
- A execución da sanción a un profesor da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía xa foi asinada pero debe quedar de momento en suspenso pola baixa solicitada polo afectado e o recurso interposto.
- Agradece a participación nas eleccións sindicais do PDI e felicita ás persoas elixidas.
- A Uvigo está presidindo a comisión interuniversitaria sobre política lingüística, onde se está a traballar sobre a promoción das titulacións en galego. O Sr. reitor e o director de área de política lingüística reuníronse con todos os decanos e directores de centros, de onde xurdiron tres titulacións que apostan por implantarse en galego para o curso que ven (ata un 80%).
- Conclúe o seu informe amosando o vídeo de presentación da mascota da Universidade (Oli).

3. Aprobación, se procede, da Resolución referente á declaración de días inhábiles a efectos de cómputo de prazos en procedementos administrativos.

A Sra. xerenta informa da resolución relativa á declaración de días inhábiles a efectos de cómputo de prazos en procedementos administrativos, sinalando os mesmos segundo a información que foi facilitada xunto coa documentación correspondente á reunión. Trátase de concretar o peche de centros entre o 7 e o 19 de agosto, aínda que con certas excepcións. Estes días decláranse como inhábiles. Conta coa conformidade da asesoría xurídica e se publicará no DOG. A Sra. Begoña González intervén para preguntar polos días solicitados polo PDI. O Sr. reitor informa de que será tratado na mesa de negociación do PDI.

Apróbase por asentimento a resolución presentada.

4. Aprobación, se procede, de cambio de área de coñecemento dos profesores Dna. Marta Pérez Rodríguez e D. Xabier García Martínez.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado informa do cambio de área sinalado no título, que conta co visto e prace do departamento, dos profesores implicados e da COAP. Trátase dun proceso de normalización dunha situación que depende do Departamento de Matemáticas, xa que dous profesores teñen intercambiado o campus e área de coñecemento respecto do que figura na súa adicación na Universidade. Expón cales son as materias impartidas por ambos profesores.

Apróbase por asentimento o cambio de área proposto.

5. Aprobación, se procede, de nomeamentos e de prórrogas de profesorado emérito.

O Sr. vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica informa das solicitudes recibidas, tanto de novo nomeamento (2) como de prórrogas (2), que foron axuntadas coa documentación presentada.

Comenta que se aprobou nun departamento unha solicitude fóra de prazo, polo que non puido ser tida en conta, en cumprimento da normativa vixente. As solicitudes foron canalizadas pola COAP, que comprobou o cumprimento dos requisitos polos candidatos, e publica unha prelación das mesmas.

Apróbanse por asentimento as solicitudes presentadas.

6. Aprobación, se procede, do Regulamento polo que se establece o Réxime de Cambio de Centro en Titulacións de Grao co mesmo Plan de Estudos na Universidade de Vigo.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado resume as liñas principais do regulamento, que foi incluído co resto da documentación axuntada á reunión do Consello de Goberno. Explica que se trata dun regulamento elaborado polo Servizo de Grao, bastante técnico, en substitución dunha instrución da Vicerreitoría, xa desfasada. Afecta aos graos en ADE, Dereito, Educación Infantil, Educación primaria, Enfermería e Enxeñaría Mecánica. Todos os centros foron consultados e deron o seu visto e praxe á normativa. Afecta a moi poucos alumnos/as (hai menos de dez peticións ao ano). Expón as condicións principais e o procedemento a seguir por parte do alumnado interesado. Comenta os casos do artigo 10 e 11, máis singulares. Agradece ao Servizo o traballo feito.

Apróbase por asentimento o regulamento presentado.

7. Aprobación, se procede, do Procedemento para a Transformación dos Contratos do Profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado presenta o procedemento sinalado no rótulo deste punto da orde do día, que foi axuntado co resto da documentación aportada á reunión do Consello de Goberno. É unha cuestión de trámite para que os/as axudantes doutores/as poidan pedir a súa transformación de contrato. Hai un pequeno cambio procedemental mínimo respecto de anos anteriores e expón unha modificación aprobada pola COAP, respecto da documentación presentada, aos efectos de reducir a carga burocrática. O Sr. José Manuel Cruz intervén para preguntar polo paso á figura de contratado doutor interino dos Ramón y Cajal, que este ano cedeu en favor da figura de investigador distinguido, e pregunta se hai problemas legais a este respecto. O Sr. vicerreitor aclara que non hai problemas legais e a Sra. Belén Rubio expón as reunións ao efecto e as vías de solución.

Apróbase por asentimento o procedemento presentado.

8. Aprobación, se procede, dos criterios de produción de investigación e de transferencia na convocatoria de 2019.

A Sra. vicerreitora de Investigación presenta os criterios de produción de investigación e a Sra. vicerreitora de Transferencia fai o propio respecto dos criterios de transferencia, na convocatoria de 2019. Aclaran que a convocatoria pasou o luns pola comisión de investigación, onde foron introducidos

algúns matices, de carácter esencialmente técnico, respecto da proposta que foi axuntada co resto da documentación á presente reunión do Consello de goberno.

A Sra. vicerreitora de Investigación sinala que non houbo cambios significativos, que foron aprobados pola Comisión de Investigación do 20 de maio. Os mais importantes son: increméntase o valor das publicacións mais relevantes (Nature, Science...) a 50 puntos; desaparecen as contribucións a congresos, tras un estudio sobre o seu escaso impacto; e cuestións técnicas, particularmente relativas á aplicación informática destinada a xestionar a documentación, para facilitar o seu emprego.

A Sra. vicerreitora de Transferencia aclara que se baseou no sexenio de transferencia á hora de estruturar os criterios da convocatoria. Xéranse dous grupos de méritos: de valor económico e de valor social. Retíranse os proxectos de investigación (xa que non son de transferencia). Téñense en conta aos/ás investigadores/as colaboradores, non só aos/ás IP. Inclúense os proxectos de cooperación internacional. Duplicase a puntuación das patentes que están en explotación e a da facturación das EBTs. Tamén se multiplica por tres a puntuación dos méritos de transferencia social (artística, literaria, etc...). O Sr. José Manuel Cruz pregunta polo que entende que é un erro tipográfico en canto ás puntuacións. A Sra. Vicerreitora aclara que foi un erro e que se corraxirá. A Sra. Begoña González indica que, dende a visión de UGT a proposta é mellorable, e que debería seguirse avanzando, particularmente involucrando aos departamentos.

Apróbanse por asentimento os criterios presentados respecto da produción de investigación e da produción de transferencia.

9. Aprobación, se procede, da convocatoria de captación de talento do ámbito tecnolóxico de 2019.

A Sra. vicerreitora de Investigación procede a presentar a convocatoria correspondente ao presente punto da orde do día e que foi axuntada coa documentación correspondente á reunión. Aclara que no documento presentado debe aparecer a Vicerreitoría de Investigación, non a de Transferencia, aínda que agradeza a Chelo Pérez a colaboración prestada. A convocatoria sairá dende a Vicerreitoría de Investigación. Aclara o traxecto desta iniciativa, destinada a conseguir reforzar a dirección do INEX, que aspira a ser considerado centro de investigación. Trátase de mellorar o liderado do centro captando a unha persoa con talento e interés en facelo, mediante unha convocatoria de investigador/a distinguido/a. Pensa que pode ser un empurre importante para o INEX, e para toda a Universidade, no eido tecnolóxico. O Sr. José Manuel Cruz valora positivamente a proposta pero pide aclaracións sobre algúns puntos da convocatoria e quéixase de tela coñecido para este Consello, e non previamente. Pregunta sobre as condicións do contrato, que lle parece pouco axeitado en relación co perfil solicitado. Tamén pide aclaracións sobre o perfil e as funcións do/a candidato/a, así como as liñas estratéxicas do MTI. Ve lagoas na convocatoria, cuxas condicións non lle parecen claras para atraer a alguén como o que se pretende. A Sra. vicerreitora de Investigación aclara cales son as liñas do INEX, que figuran na web da agrupación. Buscamos a figura dun coordinador, seguindo as instrucións da Xunta, trala dimisión do antigo director, posto que xa foi ofertado a outras persoas na Universidade de Vigo. Tamén entende que a dirección e a xestión se pode realizar por teletraballo, e que o perfil de tempo parcial pode ser máis axeitado, de cara a un eventual período de proba para posibles candidatos/as. O Sr. José Luis Míguez, vicerreitor de Planificación, continúa coas aclaracións, xa que se trata dun centro en vías de creación, porque aínda non existe, e non podemos ofertar algo que non temos; de aí as características da convocatoria. Cónstalle que hai persoas que se presentarán á convocatoria. O Sr. José Manuel Cruz pregunta si será entón o coordinador do MTI / INEX. O Sr. Míguez continúa aclarando o seu punto de vista sobre a convocatoria. O Sr. José Manuel Cruz pregunta se se trata dun xestor ou dun investigador. A Sra. vicerreitora sinala que se trata de solventar as debilidades das que adolecía o proxecto de centro

de investigación de cara á convocatoria específica da Xunta de Galicia, comezando pola figura do/a Director/a. Trátase dunha convocatoria aberta e dependerá do resultado da mesma a futura delimitación desta figura. O Sr. Emilio Fernández sinala que tiña dúbidas sobre a convocatoria e que persisten tras as explicacións. Entende que a convocatoria é un parche e que sería necesaria unha reflexión máis profunda. Parécelle estraño que non haxa ninguén preparado na Universidade de Vigo para asumir este reto e que haxa que buscalo fóra. A Sra. vicerreitora indica que non é que non o haxa, e que os que hai, non queren. O Sr. Emilio Fernández non comparte as condicións especificadas, particularmente, as relativas a tempo parcial e as horas de adicación. Ao seu entender, debería ser prioritario buscar alguén da Uvigo e, si non, unha persoa a tempo completo. A Sra. vicerreitora expón os problemas para encontrar a alguén da Universidade de Vigo que se faga cargo da xestión da investigación neste eido. Responde ás críticas sobre o perfil e características esixidas na convocatoria e aclara que foron explorados algúns candidatos, de cara á urxencia que require a convocatoria para poder presentarse ás inmediatas axudas da Xunta de Galicia. O Sr. Javier Berrocal entende a figura como un catalizador destinado a dinamizar el INEX para que dea o salto de calidade que se busca, e que isto é frecuente mediante grandes investigadores que reparten o seu tempo entre diferentes centros, a tempo parcial. O Sr. Emilio Fernández bota en falta a coordinación de proxectos de investigación como mérito na convocatoria e pensa que se requiriría unha persoa con dedicación plena. O Sr. José Manuel Cruz mostra a súa sorpresa polo perfil de coordinación, que non se desprende ao seu xuízo do texto da convocatoria e que, como membro do MTI, non foi chamado a reunión algunha onde se tratase a posibilidade de atopar un coordinador da propia Universidade de Vigo e que o posto debería ser a tempo completo. O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade aclara que o posto foi ofrecido, sen éxito, na reunión da Comisión de Dirección do INEX. O Sr. reitor agradece o debate e o interese común amosado no Consello polo futuro do INEX. Apóstase por esta convocatoria de cara a reforzar ao INEX nas convocatorias da Xunta, xa que falla a capacidade de coordinación. Pensa que se debería incluír como mérito a considerar a coordinación de centros apuntada polo Sr. Emilio Fernández. Tamén aclara os problemas administrativos nas universidades galegas para poder ofertar un bó contrato a tempo completo que fose atractivo de cara a captar talento, de aí a figura a tempo parcial, como catalizador, segundo apuntou o Sr. Javier Berrocal. A Xunta fala de pechar o mapa de centros singulares a agrupacións, e sería unha mágoa non poder presentarse á próxima convocatoria, que pode ser das últimas. O ideal sería unha praza de catedrático, pero non parece doado, pola falta de acreditados/as. De aí a necesidade de recorrer a convocatorias doutro tipo, a falta en Galicia de un programa xeral de captación. Para o equipo de goberno é prioritario o éxito e o fortalecemento do INEX de cara ao futuro. Pide o apoio a esta aposta. Resposta que non é prioritario que esta persoa veña a facer neste momento investigación na Universidade de Vigo, trátase dun dinamizador da investigación, de cara a non perder o tren da convocatoria da Xunta, e sinala a vantaxe económica para a Universidade dun contrato a tempo parcial. D. Emilio Fernández solicita a votación. En todo caso, incluírase que se valorará a experiencia na coordinación de centros, agrupamentos e grupos de investigación; e que terá como funcións a coordinación de investigación de dirección de quipos humanos.

Apróbase a convocatoria por 29 votos a favor e dúas abstencións.

10. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario.

A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria expón o punto fundamental da modificación, que se refire ao alumnado que cursa estudos de dobre grao, e que foi axuntada co resto da documentación. Non haberá un premio específico polos problemas administrativos que xorden ao dividirse os títulos ao remate dos estudos. O alumnado dos PCEOs optará aos dous premios. A Sra. Susana Reboreda intervén para sinalar outra reclamación do alumnado dos PCEOS,

relativa ao número de matrículas de honra que se lles conceden. O Sr. García Cutrín quéixase de que o problema poda ser o relativo aos servizos informáticos, para tomar unha decisión ou outra. A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria sinala que a proposta presentada parécelle a máis coherente, pese a todo.

Apróbase a modificación por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do CEUVI (Consello de Estudantes da Universidade de Vigo).

A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria presenta o regulamento, sinalando que consta co visto e praxe da Asesoría Xurídica e o acordo do alumnado. Foi axuntado co resto da documentación á presente reunión.

Apróbase por asentimento o regulamento presentado.

12. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno. Investigación: 1 estudante

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non hai que realizar eleccións.

13. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non hai que realizar eleccións.

14. Elección dos seguintes membros de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito tecnolóxico.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non hai que realizar eleccións.

15. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor abre o turno, que comeza a Sra. Susana Reboreda preguntando cando se poderá ocupar o edificio do Campus Agua. O Sr. reitor aclara que se está a traballar nas cuestións legais relativas á ocupación dos edificios. O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica as xestións que se están a realizar, que se resolverá ao sumo nun mes de prazo. Sinala que tamén faltan outras cuestións legais na ocupación dos edificios do Campus de Ourense, que se están a resolver pouco a pouco. O Sr. reitor indica os problemas para a creación da planta piloto prevista. O Sr. vicerreitor aclara que non é culpa

dos anteriores equipos, senón ao uso indebido da figura da “entrada condicional” propia do dereito urbanístico. O Sr. Luis Pérez sinala os problemas no Campus de Ourense a este respecto e agradece á Xerencia a solución dunha petición feita con anterioridade no Consello de Goberno. Pregunta polas ofertas de emprego de PDI e a relación contractual dos contratados doutores coa institución, e que sucede cando non conseguen as prazas de funcionario. O Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que se aclarará no regulamento de profesorado. O Sr. Luis Pérez pregunta polas modificacións relativas á composición dos consellos de campus e órganos do goberno para axustalos aos Estatutos. O Sr. secretario xeral aclara que os cambios estanse a preparar nos respectivos regulamentos para a súa adaptación. O Sr. Luis Pérez pregunta pola creación de certas comisións no claustro e que levarían á modificación da RPT, pensando que este sería o camiño a seguir, e rexeita outras vías ou mecanismos puntuais neste eido. O Sr. reitor descúlparse polo retraso acumulado na posta en funcionamento destas comisións e anuncia que votarán a andar no próximo claustro, probablemente o día 5 de xuño. O Sr. José Manuel Cruz pregunta se o peche de centros afectará ás vacacións do PDI. O Sr. reitor remítese ao que se acorde na mesa de negociación a este respecto e que haberá unha instrución, de xeito parecido ao que se fixo co PAS. O Sr. Adrián Balado, representante de estudantes, pregunta polo procedemento para solicitar prazas e incorporar xente nova nos consellos de goberno e no claustro, que plantea problemas para o alumnado. O Sr. secretario xeral aclara que se incluírá nos futuros regulamentos. O Sr. Xan Cebro sinala á Sra. xerenta os problemas que ve no costume na Universidade de Vigo de ofertar contratos aos tecnólogos, que entende que prexudica aos servizos, debido á interinidade dos mesmos. Iníciase un breve debate entre o Sr. Xan Cebro e o Sr. Luis Pérez sobre este asunto. O Sr. reitor indica que se aclarará e debaterá nas mesas de negociación e que a Sra. xerenta toma nota deste asunto. O Sr. Xan Cebro tamén comenta os problemas na xustificación dos proxectos de investigación. A Sra. vicerreitora de Investigación reivindica a necesidade dunha oficina específica para proxectos, como xa se falou nas mesas de negociación, que é imprescindible de cara ao éxito nas convocatorias. O Sr. Jesús Rico traslada unha preocupación dos estudantes da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía relativa a certos procedementos de detección empregados de cara aos exames. O Sr. reitor indica que a normativa é urxente neste eido e que as Escolas que empregan estes métodos fixeron unha consulta a este efecto. O Sr. Juan Pardo aclara que nas guías docentes recóllese a necesidade dun compromiso ético que debe cumprir o alumnado e que o único que se está a facer desde a Escola de Enxeñaría Industrial e que os exames se realicen sen trampas, na procura dos intereses do alumnado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:00 h do día 22 de maio de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral